

O lado salvaxe

literatura

ARMANDO REQUEIXO

armandorequeixo@hotmail.com



RESERVA NATURAL
ÁLEX MENE

Baía Edicións / 16 euros

Coido que a literatura debe tirarnos sempre da nosa zona de confort. A lectura ten de supor un desafío, un reto que superar e, dalgún modo, debe posibilitar que deamos un paso máis, que vaiaos máis adiante e ousemos traspasar algún límite.

Sen dúbida iso foi o que sentín cando visitei as páxinas de **Reserva natural**, a novela curta do vigués Álex Mene que publicou recentemente Baía Edicións.

A proposta de 'Reserva natural' é xa, dende o argumental, inque-dante e asemade retadora: tras seis meses de relación amorosa, Abel convida a Aroa a unha especie de escapada de fin de semana. O destino non pode ser máis fermoso, pero tampouco máis propicio ao insólito: as enigmáticas montañas da fronteira entre Galicia e León. Nese escenario arredado e case en estado puro é onde se desenvolve o conflito: o obxectivo principal dos mozos era visitar unha parella amiga de Abel, mais a excursión acaba revelándose unha auténtica viaxe iniciática cara ao salvaxe na que agroman á luz segredos escuros e, cando Aroa consiga albisar o sentido dalgúns feitos do pasado de Abel, ha ser xa demasiado tarde.

Á vista está que 'Reserva natural' non é unha narración ao uso,

nin tampouco sobexa nas letras galegas. Ao contrario, trátase dunha proposta de non doada clasificación, un híbrido xenérico que funciona como unha sui generis 'road movie' que combina o misterio e o suspense típico do policial clásico, mais tamén o psicolóxico angustiado da novela de terror e aínda tinturas que achegan estas páxinas á narrativa de fantasía e simbólica, cunha forte carga interrogativa sobre os lindes do real e do imaxinario.

Como era de agardar nun profesor formado en Comunicación Audiovisual, a obra sérvese dunha ollada na que o cinematográfico para sobre todo, impregnando o relato dunha atmosfera de serie B e unha violencia estrutural que lembra, en homenaxe, a realizadores como Quentin Tarantino, mestres do ritmo e da composición que aquí tanto destacan.

E velai tamén outro dos valores desta proposta de Mene: a concisión narrativa, pois nunha novela curta, de apenas un cento de páxinas, concentra a acción e consegue crear un thriller de agroterror trepidante, de eficiencia probada, que deixa o lector cunha sensación de desasosiego desexando saber máis sobre o destino final dos personaxes protagonistas.

Doutra banda, cómpre salientar igualmente a importancia que o espazo natural xoga como personaxe e como símbolo. O bosque, a montaña galego-leonesa neste caso, non opera como un simple decorado, senón que a contorna salvaxe acaba por se converter nun espazo fronteirizo, tanto no físico coma, xaora, no psicolóxico, onde a natureza abisma o lector a un territorio de anomalías deliberadas que inclúe cans de estraña conduta, aves fóra de tempada ou árbores que non deberían de medrar en tal ecosistema, todo para configurar un escenario narrativo que devén nun auténtico limbo opresivo e ameazante que atrapa os personaxes como unha letal araña.

Presta, e moito, ler 'Reserva natural' de Álex Mene, un texto co que autor consolida a súa traxectoria literaria logo de valiosas achegas no eido do infanto-xuvenil (**A raíña das tortas**, 2018; **Indómita e a semente da inmortalidade**, 2019), a poesía (**Os puntos de impacto**, 2022) e a narrativa (**O amante expresionista**, 2024). Benvido sexa, pois, este convite ao lado salvaxe.